

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN INFORMATIVA DE PROXECTOS EUROPEOS, MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA, ADMINISTRATIVA E AXENDA DIXITAL

En Pontevedra, no Pazo Provincial, sendo as doce horas e catorce minutos do día dezaioito do ano dous mil vinte e catro, asistiron os sres./as. deputados/as seguintes:

Dona Belén Cachafeiro Anta
Don Roberto José Álvarez Carrero
Dona Luisa María Sánchez Méndez
Don Rafael Domínguez Artime
Don Jorge Cubela López
Dona María Pilar Ramallo Vázquez
Don Manuel Alejandro Lorenzo Alonso
Dona María Nava Castro Domínguez
Don Jesús Vázquez Almuiña
Dona Ana Laura Iglesias González
Don Javier Iglesias Mougán, en substitución de Don Carlos Gómez Prado
Dona Digna Rosa Rivas Gómez
Don Paco Ferreira González
Don Gregorio Luis Agís Gómez
Dona Nuria Rodríguez Rodríguez
Dona Beatriz Lomba Rodríguez
Dona María Ortega Iñarrea

Actuou como presidenta da Comisión Informativa Dona Belén Cachafeiro Anta, actuando como secretario Don Luis Feijoo García.

Aberta a sesión pola Sra. presidenta, pásase ao estudo da Orde do Día, adoptándose os seguintes acordos:

1. Aprobación do borrador da acta da reunión ordinaria do 20 de setembro de 2024 (Exp. n. **2023057882**).

Por unanimidade dos asistentes apróbase a acta da anterior sesión, ordinaria, do día vinte de setembro de dous mil vinte e catro.

2. Dar conta da Resolución Presidencial nº RP2024007450, de 23 de setembro de 2024, pola que se acorda o desenvolvemento da interoperabilidade coa "Carpeta Ciudadana" nos Concellos adheridos ao convenio marco de



colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra para desenvolver as actuacións destinadas á transformación dixital e modernización das entidades locais, dentro do proxecto denominado "Desenvolvemento de integración con carpeta cidadá" Liña 5, do Ministerio de Política Territorial e Memoria Democrática, financiado por Fondos NextgenerationEU. (**Expte. nº 2023059145**).

A Comisión informativa queda enterada desde punto.

3. Dar conta da aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Nigrán, para a súa adhesión ao acordo marco para a contratación dun sistema de impresión e dixitalización. (**Expte nº. 2022017033**).

A Comisión informativa queda enterada tamén desde punto.

4. Ditaminar a aprobación da Axenda Urbana e Rural da provincia de Pontevedra, AUPO 2030 (**Expte nº. 2024068095**).

A Axenda Urbana Española, tomada en consideración polo Consello de Ministros o 22 de febreiro de 2019, é a folla de roteiro que vai marcar a estratexia e as accións para levar a cabo ata 2030, para facer dos nosos pobos e cidades ámbitos de convivencia amables, acolledores, saudables e concienciados. Esta elabórase para cumprir os compromisos adquiridos por España en varios acordos internacionais: a Axenda para o Desenvolvemento Sostible 2030, a Nova Axenda Urbana de Nacións Unidas e a Axenda Urbana para a Unión Europea.

Esta Axenda é unha política nacional urbana que incide no territorial e no urbano cunha visión global, integrada e continuada no tempo. Tamén é unha política panca con capacidade de acelerar a implementación dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) e, en particular, o ODS 11 sobre cidades sostibles, inclusivas, seguras e resilientes. E, por último, é ademais unha guía metodolóxica para que todos os actores, públicos ou privados que interveñen nas cidades, e especialmente as Administracións Locais, poidan elaborar os seus propios plans de acción e implementación.

O principal beneficio que achega a Axenda é a capacidade de ordenar a toma de decisións cunha visión estratéxica de maneira que todas elas sexan coherentes, sistemáticas, integradas e baseadas na coordinación e cooperación de todas as áreas das Entidades Locais, e co resto das administracións e axentes involucrados. Trátase de contar con estratexias globais que teñan en conta factores sociais, económicos, territoriais e ambientais, baixo o prisma da sustentabilidade.

No marco do período de programación de fondos 2021-2027 existiu unha negociación a nivel estatal e no seo da UE para que se teña en conta a existencia dos Plans de Acción da Axenda Urbana nas posibles novas convocatorias. Trátase de ir orientando as Estratexias de Desenvolvemento Sostible e Integrado a documentos verdadeiramente estratéxicos e



non xerados "ad hoc" para acudir a unha concreta convocatoria. Iso redunda nunha maior eficacia na xestión dos proxectos que conformen aquel Plan de Acción e nunha verdadeira implicación local nos mesmos.

Neste sentido apóstase pola elaboración dun Plan de Acción da Axenda Urbana e Rural 2030 da Deputación de Pontevedra (AUPO 2030) asinando o 7 de setembro de 2022 o Protocolo xeral de actuación entre a Secretaría Xeral de Axenda Urbana e Vivenda do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana e a Deputación de Pontevedra. Devandito Protocolo sinala na cláusula primeira relativa ao obxecto que "(...) La Diputación de Pontevedra comparte los objetivos y finalidades propuestos en la Agenda Urbana y en el resto de Acuerdos Internacionales que la preceden (...)" e que decidiu "(...) elaborar para sus municipios un Plan de acción de la Agenda Urbana que, teniendo como base los objetivos definidos en su marco estratégico, responda a la consecución de aquellos con una visión coherente e integrada y que aplique la metodología propuesta por la propia Agenda".

O obxectivo que pretende a Deputación de Pontevedra é deseñar, como se comentou anteriormente, ese modelo de desenvolvemento urbano e rural para ser unha provincia máis sostible, resiliente, inclusiva e segura. Á vez que mellora a planificación territorial de forma transversal, os instrumentos de xestión de esta e, por outro lado, intensifica as accións de aliñamento coa Axenda 2030 no conxunto do territorio provincial.

Por tanto, este Plan de Acción será a guía para o conxunto de políticas urbanas na Deputación de Pontevedra a través de plans, proxectos ou cambios normativos que resulten necesarios par alcanzar os obxectivos que se propoñen. E, a súa vez, está concibido coma un instrumento útil, rigoroso e participativo que determinará o marco de diálogo e a folla de roteiro a seguir cos municipios desta provincia, de forma especial cos municipios de menos de 20.000 habitantes (por ser os que teñen menos medios e recursos para iso), que supoñen máis do 80% do total dos 61 municipios que integran a provincia, para que alcancen a resiliencia necesaria e poidan adaptarse aos grandes retos de futuro e garantir a súa sustentabilidade.

Para a execución do citado Plan, a Xunta de Goberno, en sesión ordinaria celebrada o 9 de decembro de 2022, aprobou o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto do servizo de consultoría para a redacción e elaboración do Plan de acción da axenda urbana e rural 2030 da Deputación de Pontevedra (AUPO 2030). O dito contrato foi adxudicado o 3 de febreiro de 2023 e formalizado en documento administrativo o 7 de marzo de 2023 (nº de expediente: 2022066946), estando xa executados todos os traballos.

En consecuencia, dada a importancia de que a provincia conte cunha Axenda pola necesidade de dispoñer de documentos estratéxicos de desenvolvemento sostible e integrado, especialmente para acudir a novas convocatorias de financiación, procede a aprobación da Axenda Urbana e Rural da provincia de Pontevedra, AUPO2030 co Código Seguro de Verificación (CSV): 20597JYSBAULY07V.



Sometido a votación este asunto, a Comisión Informativa de Proxectos Europeos, Modernización Tecnolóxica, Administrativa e Axenda Dixital, ditamina favorablemente coa seguinte distribución de votos.

1. Votos a favor: (15), sendo nove (9) do grupo provincial do Partido Popular (6) e do grupo provincial do PSG-PSOE.
2. Votos en contra: (0), ningún.
3. Abstencións: (2), dous do grupo provincial do BNG.

5. Moción do Grupo Provincial Socialista para esixir da Deputación a recuperación do servizo de asesoramento Smartpeme (**Expte nº. 2024068326**).

A voceira do grupo provincial do PSdeG-PSOE, Dona Ana Laura Iglesias González, presentou o día 15 de outubro de 2024 con CSV A3NIOMYKPJJKBBXS unha moción para esixir da Deputación a recuperación do servizo de asesoramento Smartpeme co seguinte alcance:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No tecido empresarial galego, destacan pola súa importancia cuantitativa e cualitativa as pemes e os autónomos. Os estudos demostran que precisamente este tipo de empresas e emprendedores constitúen un dos principais motores para dinamizar a economía galega, dada a súa capacidade de xerar emprego e o seu potencial de creación de valor.

Galicia conta con 200.000 microempresas e 8.000 pequenas empresas, o que evidencia a necesidade de mecanismos de axuda para este sector empresarial que cada día necesita modernizarse sen perder o acceso ás novas tecnoloxías.

Por outra banda a redución crecente das empresas creadas desde o 2018 na nosa Comunidade lévanos á conclusión de que as políticas en materia de axudas específicas por parte do IGAPE para a súa consolidación non son efectivas.

Centos de solicitudes presentadas non son cubertas polo orzamento paupérrimo das axudas deste organismo debido a que ano tras ano está máis que esgotada a contía que se dedica, evidenciando o total fracaso da súa principal función.

O programa Smartpeme, creado no 2016 polo anterior goberno de Carmela Silva, supuxo o impulso de centos de pequenas e medianas empresas nestes 8 anos de funcionamento principalmente na súa capacidade de adaptación aos cambios. Co máximo nivel de implicación e profesionalidade, a partir do diagnóstico personalizado, achégase información clara e precisa ás pemes co ánimo de ofrecer un servizo adecuado ás necesidades actuais do mercado.



Tanto nas súas xornadas informativas, cursos en novas tecnoloxías, así como en asesoramento demostra o apoio a emprendedores e a pemes xa consolidadas na procura da innovación.

Despois do labor inxente durante os últimos anos en promover o apoio á iniciativa emprendedora, ao desenvolvemento empresarial e á creación de emprego dende o grupo socialista vemos como as actividades continuas que se realizaban nestas oficinas foron reducidas a menos da metade das que se ofreceron a todos os interesados, ademais de recibir queixas pola falta de cursos de formación coa que os pequenos empresarios contaban e que non poden financiar con medios propios.

Diante de todo isto, o Pleno insta á Deputación ao cumprimento dos seguintes ACORDOS:

- 1. A recuperación das iniciativas que permanecen inactivas dende o ano 2023.*
- 2. Ampliación do proxecto con axudas directas para a creación de emprego.*
- 3. Manter a atención en todos os puntos da provincia de forma presencial tan necesario na axuda ao asesoramento para emprendedores.*

Sometido a votación este asunto, a Comisión Informativa de Proxectos Europeos, Modernización Tecnolóxica, Administrativa e Axenda Dixital, ditamina desfavorablemente a moción do Grupo Provincial do PSdeG-PSOE coa seguinte distribución de votos.

1. Votos a favor: seis (6) do grupo provincial do PSG-PSOE.
2. Votos en contra: nove (9) do grupo provincial do Partido Popular.
3. Abstencións: dous (2) do grupo provincial do BNG.

6. Rogos e preguntas.

Non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar, a presidencia da por finalizada a reunión, sendo as doce horas e vinte minutos, do que, como secretario, dou fe.

O SECRETARIO

Vº. e PR. A PRESIDENTA

